

Estimadas familias:

O comezo de curso, poñémonos en contacto con vos para darvos a benvida e para informarvos de varios asuntos importantes.

FORMAS DE CONTACTO COA ANPA.

MÓBIL DO ANPA: 611473906. CORREO ELECTRÓNICO: apaturuxo@gmail.com.

FACEBOOK: para mantervos ao día das novidades durante o curso e facer comentarios ou suxestións, premede en “Me gusta” na paxina do “Anpa Aturuxo—CEIP Rosalia de Castro”.

SERVICIO DE COMEDOR E MADRUGADORES.

É **OBRIGATORIO** que os alumnos que usen o comedor, madrugadores ou que acudan a actividades extraescolares sexan **socios do ANPA**(20€ por familia + 4€ de seguro da asociación). Ademais hai que pagar un seguro de comedor e madrugadores que custa 4€ (cóbrase coa primeira mensuralidade do ano). Os pagos realízanse mediante recibo bancario. As novas incorporacións e as familias que teñan algún trámite pendente deben falar con Jardanay no teléfono 981126627.

O servizo de madrugadores funciona de 7:30 a 9:00 (con opción de entrada ata as 8:30), cos seguintes prezos e modalidades: con almorzo 33,90€, e sen almorzo 23€. O custo será a metade no caso de necesitar o servizo en semanas alternativas. O uso esporádico ten un prezo de 2,30€.

O servizo de comedor funciona de 14:00 a 16:00h. O prezo para 5 días a semana será de 77,55€ mensuais. Existen outras opcións de comer menos días por semana ou esporádicos (5,65€ día)

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Como todos os anos, desenvolveranse actividades extraescolares dependentes da ANPA e do Concello.

Achegamos unha **táboa provisional** coas actividades, horarios propostos e idades.

Todos os pagos realizaranse por transferencia bancaria.

PROGRAMA DEPORTE NO CENTRO:

- Patinaxe para infantil e primaria
- Seguro da actividade: 4€.
- Primeiro prazo de pago(setembro-décembro): 13 €/actividade, dous fillos:10,40€, tres fillos:9,10€.
- Segundo prazo:(xaneiro-maio, pago en xaneiro):20€/actividade, dous fillos:16€, tres fillos: 14€.

Estarán exentos de cota os nenos/as que xustifiquen ser beneficiarios da beca comedor para o curso 2018/19

PROGRAMA DE OCIO EDUCATIVO:

- Seguro da actividade: 4€.
- Destinado a Infantil e 1º a 4º de primaria. Pódense escoller os días que se desexa asistir.
- 5 Días: 30 €/trimestre, 4 días: 25€, 3 días: 20€, 2 días: 15€, 1 día: 10€.

Estarán exentos de cota os nenos/as que xustifiquen ser beneficiarios da beca comedor para o curso 2018/19

JUDO:

- 17,5€/mes (2 horas/semana, páganse 34€ cada dous meses)
- Licencia federativa: 30€/ano (cubre seguro, participación trofeos, examen grado-cinturón).

BAILE GALEGO E PANDERETA:

- 25€/mes (2horas/semana).

BAILE MODERNO para 6º infantil e toda primaria:

- 10€/mes (1 hora /semana).

INGLÉS para 3º a 6ºde primaria:

- 15€/mes (2horas/semana). Grupos de 12 a 15 alumnos.
- Programa Listen&Speak do Concello da Coruña. Preparación das probas de destreza oral de Trinity College.

NATACIÓN organizada polo Concello (sólo para 3º e 4º de Primaria)

- 53,47€/ano (1 día á semana).

NATACIÓN organizada pola ANPA na Sardiñeira para tódolos cursos.

- 65€/trimestre (1 día á semana).

TEATRO:

- 15 €/mes (1 dia a semana 2 horas).

BALONCESTO:

- 18 €/mes (2horas/semana).

ATLETISMO:

- 15€/mes (2 horas/semana).

INFORMÁTICA para 6º Infantil e toda primaria:

- 15€/mes (2 horas/semana).

PINTA E CREA:

- 15€/mes (2 horas/semana).

FÚTBOL INFANTIL (ata 2º de primaria):

- 15€/mes (2 horas/semana).

ROBÓTICA:

- 18€/mes (1 dia a semana 1 hora)

As actividades comezarán o día 1 de outubro.

As actividades e grupos son provisionais e serán confirmados cando se saiba se hai un mínimo de alumnos.

INSCRICIÓNS NA ANPA E NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Do 13 o 19 de setembro de 9:15 a 10h e de 16h a 18 h diante de secretaria.

Rógase levar cuberta a folla de inscrición da ANPA e a das actividades. En caso de non inscribirse nos programas dependentes do Concello (Programa de Deporte no Centro, Programa de Ocio Educativo ou Natación) pódese realizar a inscrición enviando ambas follas de inscrición nas actividades asinadas e escaneadas ao correo electrónico da ANPA.

Atentamente, ANPA Aturuxo.

C.E.I.P. Rosalia de Castro. N.I.F. G-15059751